

# Microsoft License Terms

Última actualización: decembro de 2016

## TERMOS DE LICENZA DO SOFTWARE DE MICROSOFT

### SISTEMA OPERATIVO DE WINDOWS

---

**SE RESIDE (OU SE TEN A SEDE PRINCIPAL DO SEU NEGOCIO) NOS ESTADOS UNIDOS, LEA A CLÁUSULA DE ARBITRAXE VINCULANTE E A RENUNCIA A DEMANDAS COLECTIVAS NA SECCIÓN 10. ISTO AFECTA A COMO SE RESOLVEN OS CONFLITOS.**

#### **Grazas por escoller Microsoft.**

En función de como obtivo o software de Windows, este é un contrato de licenza entre (i) o usuario e o fabricante do dispositivo ou o instalador do software que distribúe o software co dispositivo; ou entre (ii) o usuario e Microsoft Corporation (ou, segundo onde resida ou teña a sede principal do seu negocio, unha das súas filiais) se adquiriu o software dun distribuidor. Microsoft é o fabricante do dispositivo no caso dos dispositivos producidos por Microsoft ou unha das súas filiais, e Microsoft é o distribuidor se adquiriu o software directamente de Microsoft.

Este contrato describe os dereitos e as condicións que rexerán o uso do software de Windows. Debe revisar o contrato na súa totalidade, incluídos os termos de licenza suplementarios que recibiu co software e as condicións de uso vinculadas, xa que todas as condicións de uso son importantes e xuntas crean este contrato, de aplicación no seu caso. Para revisar os termos vinculados, pegue a ligazón [aka.ms/](http://aka.ms/) na ventá do explorador.

**Ao aceptar este contrato ou usar o software, acepta todos estes termos e consente a transmisión de determinada información durante a activación e durante o se uso do software segundo a declaración de privacidade descrita na Sección 3. Se non acepta nin cumpre co estipulado nestes termos, non debe usar o software nin as súas funcionalidades.**

Deberase pór en contacto co fabricante ou co instalador do dispositivo, ou co distribuidor se adquiriu o software directamente, para determinar a súa política de devolución e devolver o software ou o dispositivo para obter un reembolso ou crédito, segundo a devandita política. É necesario cumprir esta política, que pode requirir que devolva o software co dispositivo completo no que está instalado para obter un reembolso ou crédito, se procede.

#### **1. Información xeral.**

- a. Aplicabilidade.** Este contrato aplícase ao software de Windows que está preinstalado no dispositivo, ou que adquiriu dun distribuidor e vostede instalou, ao soporte no que

recibiu o software (de habelo), a calquera fonte, icona, imaxe ou ficheiro de son que se inclúa co software e tamén a calquera actualización, suplementos e servizos do software de Microsoft, a menos que estean acompañados doutros termos. Tamén atangué ás aplicacións de Windows desenvolvidas por Microsoft que fornecen funcionalidades como correo electrónico, contactos, música e fotos que se inclúen con Windows e forman parte deste. Se este contrato contén os termos dunha funcionalidade ou servizo non dispoñible no dispositivo, estes termos non se aplicarán.

**b. Termos adicionais.** Segundo as funcionalidades do dispositivo, de como está configurado e de como o usa, poden aplicarse condicións de uso de terceiros ou de Microsoft adicionais ao uso de determinadas funcionalidades, servizos e aplicacións. Asegúrese de ler estes termos de licenza.

- (i) Algunhas aplicacións de Windows fornecen un punto de acceso a servizos en liña ou están baseadas neles, e o uso destes servizos está rexido por termos e políticas de privacidade individuais, como o Contrato de Servizos de Microsoft dispoñible na páxina [aka.ms/msa](http://aka.ms/msa). Pode consultar estes termos e políticas nas condicións de uso deste servizo ou na configuración da aplicación, como corresponda. É posible que os servizos non estean dispoñibles en todas as rexións.
- (ii) Microsoft, o fabricante ou instalador tamén pode incluír aplicacións adicionais, suxeitas a termos de licenza e políticas de privacidade independentes.
- (iii) O software inclúe Adobe Flash Player, para o que se lle concede licenza segundo as condicións de uso de Adobe Systems Incorporated en [aka.ms/adobe-flash](http://aka.ms/adobe-flash). Adobe e Flash son marcas rexistradas ou marcas de Adobe Systems Incorporated nos Estados Unidos e/ou noutros países.
- (iv) O software pode incluír programas de terceiros para os que se lle concede licenza ao usuario segundo este contrato ou segundo as súas propias condicións de uso. Os termos de licenza, avisos e recoñecementos, se procede, dos programas de terceiros poden consultarse en [aka.ms/thirdparty-notices](http://aka.ms/thirdparty-notices).
- (v) Na medida na que o inclúa Windows, concédenselle licenzas para Word, Excel, PowerPoint e OneNote para uso persoal e non comercial, a non ser que dispoña de dereitos de uso comercial en virtude dun contrato independente.

## **2. Instalación e dereitos de uso.**

**a. Licenza.** A licenza outorgada ao software é de utilización, non de venda. Mediante este contrato, concédeselle o dereito a instalar e executar unha instancia do software no seu dispositivo (o dispositivo con licenza), que poderá usar só unha persoa á vez, sempre e cando cumpra todas as condicións de uso deste contrato. Actualizar software non

orixinal con software de Microsoft ou orixes autorizadas non converte en orixinal a súa versión ni a versión actualizada, e nese caso non ten licenza para usar o software.

**b. Dispositivo.** Neste contrato, un "dispositivo" é un sistema de hardware (físico ou virtual) cun dispositivo de almacenamento interno capaz de executar o software. Un blade ou unha partición de hardware considéranse dispositivos.

**c. Restricións.** O fabricante ou o instalador e mais Microsoft resérvanse todos os dereitos (como os dereitos derivados das leis de propiedade intelectual) non concedidos expresamente neste contrato. Por exemplo, esta licenza non lle permite nin lle dá dereito a:

- (i) usar nin virtualizar funcionalidades do software de xeito independente;
- (ii) publicar, copiar (salvo calquera copia de seguranza permitida), alugar, ceder nin prestar o software;
- (iii) transferir o software (salvo segundo o permitido neste contrato);
- (iv) tratar de sortear as limitacións ou restricións técnicas do software;
- (v) usar o software como software de servidor ou como aloxamento comercial, pór o software a disposición de varios usuarios, a través dunha rede, para o seu uso simultáneo, instalar o software nun servidor e permitir aos usuarios acceder ao mesmo de xeito remoto nin instalar o software nun dispositivo para que o usen varios usuarios remotos;
- (vi) empregar técnicas de enxeñería inversa, descompilar ou desensamblar o software, ou intentar facelo, excepto e unicamente na medida en que (a) o permita a lei aplicable; (b) o permitan os termos de licenzas que rexen o uso de compoñentes de código aberto que poden incluírse co software; ou (c) sexa necesario para depurar modificacións feitas nas bibliotecas con licenzas rexidas pola Licenza Pública Xeral Reducida de GNU que se inclúan co software e estean ligadas a el; e
- (vii) se está a usar funcionalidades baseadas na internet, non debe usar esas funcionalidades de ningún xeito que interfira co uso que outro usuario lle estea a dar, nin para tentar obter acceso ou usar sen autorización un servizo, datos, unha conta ou unha rede.

**d. Escenarios de varios usos.**

- (i) **Varias versións.** Se cando adquiriu o software fornecéronse varias versións (como versións de 32 bits e 64 bits), só pode instalar e activar unha das versións á vez.
- (ii) **Conexións múltiples ou en grupo.** O hardware ou o software que usa para as conexións múltiples ou en grupo, ou para reducir o número de dispositivos ou

usuarios que poden acceder ao software ou usalo, non reduce o número de licenzas que necesita. Pode usar este hardware ou software só se ten unha licenza para cada instancia do software que está a utilizar.

- (iii) **Conexións de dispositivo.** Pode permitir o acceso ao software instalado no dispositivo con licenza a un máximo de 20 dispositivos adicionais co fin de usar as seguintes funcionalidades de software: servizos de ficheiro, servizos de impresión, servizos de información da internet, conexión compartida á internet e servizos telefónicos no dispositivo con licenza. Pode permitir a varios dispositivos que accedan ao software no dispositivo con licenza para sincronizar os datos entre dispositivos. Porén, esta sección non implica que teña dereito a instalar o software, nin a usar a función principal do software (salvo as funcionalidades que aparecen nesta sección) en ningún outro dispositivo.
- (iv) **Uso nun ambiente virtualizado.** Esta licenza permítelle instalar só unha instancia do software para usala nun dispositivo, físico ou virtual. Se quere usar o software en varios dispositivos virtuais, debe obter copias independentes do software e unha licenza única para cada instancia.
- (v) **Acceso remoto.** Non máis dunha vez cada 90 días, debe designar a un único usuario para que use fisicamente o dispositivo con licenza como usuario con licenza. O usuario con licenza pode acceder ao dispositivo con licenza desde outro dispositivo mediante as tecnoloxías de acceso remoto. Outros usuarios, pero só un á vez, poderán acceder ao dispositivo con licenza desde outro dispositivo mediante tecnoloxías de acceso remoto, pero só en dispositivos con licenzas independentes para executar a mesma edición ou unha superior deste software.
- (vi) **Asistencia remota.** Pode usar as tecnoloxías de asistencia remota para compartir unha sesión activa sen obter licenzas adicionais para o software. A asistencia remota permite a un usuario conectarse directamente ao computador doutro usuario, normalmente para corrixir problemas.

**e.Copia de seguranza.** Pode facer unha única copia do software para ter unha copia de seguranza e usar esta copia para transferir o software se se adquiriu como software autónomo, como se describe máis adiante na Sección 4.

**3. Privacidade; Consentimento para usar os datos.** A súa privacidade é importante para nós. Algunhas destas funcionalidades de software envían ou reciben información ao usalas. Moitas destas funcionalidades pódense desactivar na interface de usuario ou pode optar por non usalas. Ao aceptar este contrato ou usar o software, acepta que Microsoft recompila, use e divulgue a información, segundo o recollido na Declaración de Privacidade de Microsoft ([aka.ms/privacy](https://aka.ms/privacy)), e segundo se describe na interface de usuario asociada coas funcionalidades de software.

**4. Transferir.** As disposicións desta sección non se aplicarán se vostede adquiriu o software como consumidor en Alemaña ou en calquera dos países que se enumeran neste sitio web [aka.ms/transfer](http://aka.ms/transfer), en cuxo caso calquera transferencia do software a un terceiro, así como o dereito a usalo, debe cumprir coa lexislación vixente.

**a. Software preinstalado no dispositivo.** Se adquiriu o software preinstalado nun dispositivo (ou se realizou a actualización desde o software preinstalado nun dispositivo), pode transferir a licenza para usar o software directamente a outro usuario, só co dispositivo con licenza. A transferencia debe incluír o software e, se se forneceu co dispositivo, unha etiqueta auténtica de Windows que inclúa a clave do produto. Antes de permitir a transferencia, a outra parte deberá aceptar que este contrato é aplicable á transferencia e ao uso do software.

**b. Software autónomo.** Se adquiriu o software como software autónomo (ou se realizou a actualización desde o software que adquiriu como software autónomo), pode transferir a licenza para usar o software a outro dispositivo da súa propiedade. Tamén pode transferir o software a un dispositivo propiedade doutra persoa se (i) é o primeiro usuario con licenza para o software e (ii) o novo usuario acepta os termos deste contrato. Pode utilizar a copia de seguranza que lle permitimos efectuar ou o soporte no que se forneceu o software para transferir este. Cada vez que transfira o software a un dispositivo novo, deberá eliminar o software do dispositivo anterior. Non pode transferir o software para compartir licenzas entre varios dispositivos.

**5. Activación e software autorizado.** Está autorizado a usar este software só se dispón da licenza correspondente e o software activouse correctamente cunha clave de produto orixinal ou mediante outro método autorizado. Cando se conecte á internet mediante o software, este porase en contacto automaticamente con Microsoft ou a súa filial para levar a cabo a activación para asocialo a un dispositivo determinado. Tamén pode activar o software manualmente a través da internet ou do teléfono. En todo caso, é posible que se transmita determinada información e pode que se aplique unha tarifa polos servizos da internet, de SMS e telefónicos. Durante a activación (ou a reactivación que pode desencadearse por modificacións nos compoñentes do dispositivo), o software pode determinar que a instancia do software instalada é falsificada, non dispón da licenza correspondente ou inclúe modificacións non autorizados. Se a activación falla, o software tratará de repararse substituíndo o software de Microsoft manipulado por software de Microsoft orixinal. Tamén pode recibir avisos para obter unha licenza correcta do software. A activación correcta do software non confirma que sexa orixinal nin que dispoña da licenza correspondente. Non debe eludir ou burlar a activación. Para axudar a determinar se o seu software é orixinal e se dispón da licenza correspondente, consulte a páxina [aka.ms/genuine](http://aka.ms/genuine). Determinadas actualizacións, opcións de asistencia e outros servizos poderíanse ofrecer só aos usuarios do software Microsoft orixinal.

**6. Actualizacións.** O software busca periodicamente actualizacións do sistema e da aplicación, e as descarga e instala por vostede. Vostede pode obter actualizacións unicamente de Microsoft ou de orixes autorizadas por Microsoft, e Microsoft pode ter que actualizar o sistema para fornecerlle estas actualizacións. Ao aceptar este contrato, vostede acepta recibir estes tipos de actualizacións automáticas sen ningún aviso adicional.

**7. Dereitos para mudar a unha versión anterior.** Se adquiriu un dispositivo dun fabricante ou instalador cunha versión Professional de Windows preinstalada, pode usar unha versión Windows 8.1 Pro ou Windows 7 Professional, pero só mentres Microsoft forneza asistencia para esa versión anterior, tal como se establece na páxina [aka.ms/windowslifecycle](http://aka.ms/windowslifecycle). Este contrato é aplicable ao uso de versións anteriores. Se a versión anterior inclúe compoñentes diferentes, calquera termo destes compoñentes incluído no contrato fornecido coa versión anterior é aplicable ao uso destes compoñentes. Nin o fabricante, nin o instalador nin Microsoft están obrigados a subministrarlle versións anteriores. Debe obter as versións anteriores por separado e pode que se cobre unha cota. Pode substituír unha versión anterior coa versión que adquiriu orixinalmente en calquera momento.

**8. Restricións xeográficas e de exportación.** Se o software está restrinxido para o seu uso nunha rexión xeográfica concreta, só o poderá activar nesa rexión. Debe cumprir tamén todas as leis e normativas nacionais e internacionais en materia de exportación aplicables ao software, que inclúen restricións nos destinos, usuarios finais e uso final. Para obter máis información sobre as restricións xeográficas e de exportación, visite as páxinas [aka.ms/georestrict](http://aka.ms/georestrict) e [aka.ms/exporting](http://aka.ms/exporting).

## **9. Asistencia e procedementos de reembolso.**

**a. Software preinstalado nun dispositivo.** Para coñecer as opcións de asistencia do software en xeral, póñase en contacto co fabricante ou co instalador do dispositivo. Consulte o número de asistencia fornecido co software. Para as actualizacións e suplementos obtidos directamente de Microsoft, Microsoft pode fornecer servizos de asistencia limitados para software que dispoña da licenza correspondente conforme se describe na páxina [aka.ms/mssupport](http://aka.ms/mssupport). Se quere obter un reembolso, póñase en contacto co fabricante ou o instalador para coñecer as súas políticas de reembolso. É necesario cumprir ditas políticas, que poden requirir que devolva o software co dispositivo completo no que está instalado para obter un reembolso.

**b. Software adquirido dun distribuidor.** Microsoft fornece asistencia técnica limitada para software que dispoña da licenza correspondente conforme se describe na páxina de [aka.ms/mssupport](http://aka.ms/mssupport). Se adquiriu o software dun distribuidor e desexa obter un reembolso e non pode obtelo no lugar no que adquiriu o software, póñase en contacto con Microsoft para obter información acerca das políticas de reembolso de Microsoft. Consulte a páxina [aka.ms/msoffices](http://aka.ms/msoffices), ou se se atopa nos Estados Unidos, chame a (800) MICROSOFT ou consulte a páxina [aka.ms/nareturns](http://aka.ms/nareturns)).

## **10. Arbitraje vinculante e renuncia a demandas colectivas se reside (ou se ten a sede principal do seu negocio) nos Estados Unidos.**

Esperamos non ter ningún conflito, pero der ser así, vostede e Microsoft aceptan tentar resolvelo mediante unha negociación informal durante un prazo de 60 días. Se o conflito non se resolvese mediante dita negociación, vostede e Microsoft aceptan **realizar unha arbitraje individual vinculante ante a Asociación Americana de Arbitraje (a "AAA") segundo a Lei de Arbitraje Federal ("FAA"), e non denunciar nun tribunal ante un xuíz ou un xurado.** No seu lugar, un árbitro neutral resolverá o conflito e a decisión do mesmo será definitiva, salvo se se recorre ao dereito de apelación limitado en virtude da Lei de Arbitraje Federal. **Non se permiten as demandas colectivas, as arbitraxes colectivas, as accións xerais dun avogado particular nin calquera outro procedemento no que alguén actúe en calidade de representante dun grupo de persoas. Tampouco se permite combinar procedementos individuais sen o consentimento de todas as partes.** "Nós", "noso" ou "nosos" inclúe a Microsoft, ao fabricante do dispositivo e ao instalador do software.

**a. Conflitos cubertos (todo excepto IP).** O termo "conflito" é o máis amplo posible. Inclúe calquera reclamación ou controversia entre o usuario e o fabricante ou o instalador, ou o usuario e Microsoft, en relación co software, o seu prezo, ou este contrato, en virtude de calquera teoría legal, incluídos contratos, garantías, agravios, decretos ou regulacións, **excepto os conflitos relacionados coa aplicación ou a validez dos dereitos de propiedade intelectual do usuario, de Microsoft ou do emisor de licenzas do usuario ou de Microsoft.**

**b. Envío por correo postal un Aviso de Conflito primeiro.** Se ten un conflito e os representantes do servizo de atención ao cliente non poden resolvelo, envíe un Aviso de Conflito por correo postal ao fabricante ou ao instalador, á atención de: DEPARTAMENTO LEGAL. Se o conflito é con Microsoft, envíe a Microsoft Corporation, á atención de: LCA ARBITRATION, One Microsoft Way, Redmond, WA 98052-6399. Indíquenos o seu nome, enderezo, como contactar con vostede, cal é o problema e o que desexa. Atopará un formulario dispoñible na páxina [aka.ms/disputeform](http://aka.ms/disputeform). Procederemos do mesmo xeito no caso de ter un conflito con vostede. Pasados 60 días, o usuario ou Microsoft poderá iniciar unha arbitraje se o conflito non se resolveu.

**c. Tribunal de instancia.** En vez de enviar por correo postal un Aviso de conflito, e se cumpre os requisitos do tribunal, poderá denunciarnos no tribunal de instancia do estado onde resida (ou no lugar onde estea a sede principal do seu negocio) ou na sede principal do noso negocio: King County, Washington, EUA, se o conflito é con Microsoft. Aínda que non é a súa obriga, esperamos que envíe un Aviso de conflito e nos forneza un prazo de 60 días para solucionalo antes de denunciarnos nun tribunal de instancia.

**d. Procedemento de arbitraje.** A AAA encargárase das arbitaxes, de acordo coas Regras de Arbitraje Comercial (ou se é unha persoa física e utiliza o software con fins persoais ou domésticos, ou se o valor do conflito é de 75.000 dólares estadounidenses ou inferior, independentemente de se é un individuo ou do uso que lle dea ao software, aplicaranse tamén as Regras de Arbitraje para o Consumidor). Para obter máis información, consulte [aka.ms/adr](http://aka.ms/adr) ou chame ao 1-800-778-7879. Para iniciar unha arbitraje, envíe o formulario dispoñible na páxina [aka.ms/arbitration](http://aka.ms/arbitration) á AAA; envíe unha copia ao fabricante ou ao instalador (ou a Microsoft se o conflito é con Microsoft). Nunha disputa de 25.000 dólares estadounidenses ou menos, as audiencias serán sempre telefónicas, a menos que o árbitro atope unha boa causa para preferir unha audiencia en persoa. Calquera audiencia en persoa terá lugar no estado de residencia do usuario (ou no lugar onde estea a sede principal do seu negocio) ou na sede principal do noso negocio: King County, Washington, EUA, se o conflito é con Microsoft. Vostede decide. O árbitro pode conceder ao usuario, individualmente, unha indemnización por danos e perdas, igual que o podería facer un tribunal. O árbitro pode conceder un desagravio por mandato xudicial ou declarativo só ao usuario individualmente para satisfacer a súa reclamación individual.

**e. Pagamentos e honorarios da arbitraje.**

- (i) **Conflitos de 75.000 dólares estadounidenses ou menos.** O fabricante ou o instalador (ou Microsoft se a disputa é con Microsoft) reembolsarán puntualmente as súas taxas de rexistro e pagarán as custas e os gastos da AAA e do árbitro. Se rexeita a nosa última oferta de liquidación por escrito, realizada antes de que se designase un árbitro, a disputa se resolve segundo a decisión do árbitro (denominada "fallo"), e o árbitro lle concede unha cantidade maior que a da última oferta por escrito, o fabricante ou o instalador (ou Microsoft se a disputa é con Microsoft): (1) pagaralle o indicado no fallo ou 1.000 dólares estadounidenses, o importe que sexa maior; (2) pagaralle as custas normais do avogado, se as hai; e (3) reembolsaralle todos os gastos (incluídas as custas e tarifas das testemuñas expertas) que o seu avogado declare como derivados da investigación, a preparación e a presentación da reclamación ante o árbitro. O árbitro determinará as cantidades, a non ser que o usuario e Microsoft as acorden.
- (ii) **Conflitos de máis de 75.000 dólares estadounidenses.** As regras da AAA controlarán o pagamento das taxas de rexistro e das custas e os gastos da AAA e do árbitro.
- (iii) **Conflitos de calquera importe.** Se inicia unha arbitraje, non solicitaremos as custas nin os gastos da AAA ou o árbitro, nin as taxas de rexistro que reembolsamos, a non ser que o árbitro opine que a arbitraje non ten fundamento ou que a súa finalidade non é a adecuada. Se Microsoft inicia unha arbitraje,



pagaremos todas as custas e os gastos e taxas da AAA e do árbitro. Non se lle solicitarán as nosas taxas nin os gastos do avogado en ningunha arbitrase. As taxas e os gastos non se teñen en conta á hora de determinar o que implica un conflito.

**f. Prazo máximo de rexistro dun ano.** Microsoft e vostede deben rexistrar en tribunais de instancia ou en arbitrase calquera reclamación ou conflito (excepto conflitos de propiedade intelectual, consulte a Sección 10.a.) nun prazo dun ano desde a data na que se rexistrou por primeira vez a reclamación. Se non, excluírase de xeito permanente.

**g. Divisibilidade das cláusulas.** Se a renuncia a demandas colectivas resulta ilegal ou non se pode aplicar a todas ou a algunha das partes dun conflito, esas partes non se arbitrarán pero presentaranse ante un tribunal, mentres as partes restantes continuarán na arbitrase. Se algunha outra condición da Sección 10 resulta ilegal ou non se pode aplicar, excluírase, pero a parte restante da Sección 10 seguirá tendo pleno efecto.

**h. Conflito coas regras da AAA.** Este contrato rexerá se está en conflito coas Regras de Arbitrase Comercial ou as Regras de Arbitrase para o Consumidor da AAA.

**i. Microsoft como parte ou beneficiario en calidade de terceiro.** Se Microsoft é o fabricante do dispositivo ou se adquiriu o software dun distribuidor, Microsoft é unha parte deste contrato. Se non, Microsoft non é unha das partes deste contrato, pero é un beneficiario en calidade de terceiro do contrato entre o usuario e o fabricante ou instalador, no tocante á resolución de conflitos entre a negociación informal e a arbitrase.

**11. Lexislación aplicable.** As leis do estado ou país de residencia (ou do lugar onde teña a sede principal do seu negocio) rexen todas as reclamacións e conflitos relacionados co software (incluído o seu prezo) ou con este contrato, incluídas as reclamacións por incumprimento de contrato e aquelas baseadas nas leis estatais de protección ao consumidor, as leis de competencia desleal, as leis de garantía implícita, por enriquecemento ilícito e agravio (independentemente dos principios de conflitos de leis), agás que a Lei de Arbitrase Federal rexa todas as disposicións relacionadas coa arbitrase. Nos Estados Unidos, a Lei de Arbitrase Federal rexe todas as disposicións relacionadas co arbitrase.

**12. Dereitos do consumidor, Variacións rexionais.** Este contrato describe algúns dereitos legais. Pode ter outros dereitos, incluídos dereitos de consumidor, segundo as leis do seu estado ou país. Tamén pode ter dereitos con respecto á parte á que adquiriu o software. Este contrato non modifica os outros dereitos se as leis do país ou estado de residencia non o permiten. Por exemplo, se adquiriu o software nunha das seguintes rexións ou aplícanse leis do país obrigatorias, as disposicións seguintes serán de aplicación:

**a. Australia.** As referencias á “Garantía limitada” son referencias á garantía explícita fornecida por Microsoft ou o fabricante ou instalador. Esta garantía fornécese ademais doutros dereitos e recursos dos que poderá gozar conforme a Lei, incluíndo os seus dereitos e recursos de acordo coas garantías estatutarias conforme a Lei australiana do consumidor.

Nesta sección, “bens” refírese ao software para o que Microsoft ou o fabricante ou instalador fornecen a garantía explícita. Os nosos bens inclúen garantías que non se poden excluír conforme a Lei australiana do consumidor. Ten dereito a unha substitución ou reembolso por un fallo grave e a unha compensación por calquera perda ou dano razoablemente previsible. Tamén ten dereito a que os bens sexan reparados ou substituídos se non contan cun nivel de calidade aceptable ou o fallo non se cualifica como grave.

**b. Canadá.** Poderá deixar de recibir actualizacións no seu dispositivo se desactiva o acceso á internet. Se se conecta de novo á internet, o software retomará a busca e instalación de actualizacións.

**c. Unión Europea.** A restrición de uso académico descrita na Sección 13.d(i) seguinte non se aplica nas xurisdicións que se enumeran nesta páxina: [aka.ms/academicuse](https://aka.ms/academicuse).

**d. Alemaña e Austria.**

(i) **Garantía.** O software que dispoña da licenza correspondente se executará, basicamente, segundo o descrito nos materiais de Microsoft que recibiu co software. Non obstante, o fabricante ou o instalador, e Microsoft, non outorgarán ningunha garantía contractual en relación co software que dispoña da licenza.

(ii) **Limitación de responsabilidade.** En caso de conduta intencional, negligencia grave, reclamacións baseadas na Lei de responsabilidade por produtos, así como en caso de falecemento ou danos corporais ou lesións físicas, o fabricante ou o instalador, ou Microsoft serán responsables de acordo coa lexislación estatutaria.

Suxeito á oración anterior, o fabricante ou o instalador, ou Microsoft só serán responsables por negligencia leve se o fabricante, o instalador ou Microsoft infrinxiron ditas obrigas contractuais materiais, cuxo cumprimento permite a debida execución deste contrato, e cuxo incumprimento podería pór en perigo o propósito deste contrato e a confianza dunha parte no seu cumprimento (tamén denominado, “obrigas cardinais”). Noutros casos de negligencia leve, o fabricante, o instalador ou Microsoft non serán responsables de negligencias leves.

**e. Outras rexións.** Consulte a páxina [aka.ms/variatiions](https://aka.ms/variatiions) para obter unha lista actual das variacións rexionais.

### 13. Avisos adicionais.

**a. Redes, datos e uso da internet.** Pode que algunhas funcionalidades do software e dos servizos aos que se accede a través do software requiran que o dispositivo acceda á internet. O seu acceso e uso (incluídos os custos) poden estar suxeitos aos termos do contrato do fornecedor da internet ou telefonía móbil. Algunhas funcionalidades do software poden axudarlle a acceder á internet dun xeito máis eficaz, pero os cálculos de uso do software poden ser distintos ás medidas do fornecedor de servizos. Vostede será sempre responsable de (i) comprender e cumprir cos termos dos seus plans e contratos, e de (ii) calquera problema que xurda en relación co uso ou acceso a redes, incluídas redes abertas ou públicas. Pode usar o software para conectarse a rede e para compartir información de acceso sobre esas redes, só se ten permiso para facelo.

**b. Estándares visuais H.264/AVC e MPEG-4 e estándares de vídeo VC-1.** O software pode incluír a tecnoloxía de descodificación H.264/MPEG-4 AVC ou VC-1. MPEG LA, L.L.C. esixe a notificación da seguinte información:

ESTE PRODUTO AUTORÍZASE SEGUNDO AS LICENZAS DA CARTEIRA DE PATENTES VISUAIS AVC, VC-1 E MPEG-4 PART 2 PARA O USO PERSOAL E NON COMERCIAL DUN CONSUMIDOR CO FIN DE (i) CODIFICAR VÍDEO DE ACORDO COS ANTERIORES ESTÁNDARES ("ESTÁNDARES DE VÍDEO") E/OU (ii) DESCODIFICAR VÍDEO AVC, VC-1 E MPEG-4 PART 2 QUE FOI CODIFICADO POR UN CONSUMIDOR IMPLICADO NUNHA ACTIVIDADE PERSOAL E NON COMERCIAL E/OU QUE FOI OBTIDO DUN FORNECEDOR DE VÍDEO CON LICENZA PARA SUBMINISTRAR O DEVANDITO VÍDEO. NINGUNHA LICENZA É CONCEDIDA OU SE IMPLICARÁ PARA NINGÚN OUTRO USO. É POSIBLE OBTEN INFORMACIÓN ADICIONAL DE MPEG LA, L.L.C. CONSULTE A PÁXINA AKA.MS/MPEGLA.

**c. Protección contra software malicioso.** Microsoft preocúpase por protexer o seu dispositivo contra software malicioso. O software activará a protección contra software malicioso se non se instala outra protección ou esta caduca. Para iso, desactivarase outro software antimalware ou pode que haxa que eliminalo.

**d. Versións de dereitos limitados.** Se a versión de software que adquiriu está marcada ou prevista para un uso limitado ou específico, só poderá usala como se especifica. Non poderá usar ditas versións do software para actividades non lucrativas, comerciais nin que xeren ningún outro tipo de ingresos.

(i) **Uso académico.** No caso do uso académico, deberá ser estudante, profesor ou persoal dunha institución educativa no momento da adquisición.

(ii) **Avaliación.** No caso do uso para avaliación (ou proba ou demostración), non poderá vender o software, úsalo nun contorno operativo conectado nin usalo

despois do período de avaliación. Con independencia do establecido en sentido contrario no presente Contrato, **o software de avaliación fornécese “TAL CAL” e, sen ningún tipo de garantía, nin expresa nin implícita (incluída a garantía limitada), aplícase a estas versións.**

(iii) **NFR.** Non pode vender o software marcado como “NFR” ou “Non para revenda”.

(iv) **Previsualización.** Pode escoller usar as versións de previsualización, insider, beta ou outras de prelanzamento do software (“previsualizacións”) que Microsoft pode facilitar. Só pode usar estas previsualizacións até a data de caducidade do software e sempre e cando cumpra todos os termos deste contrato. As previsualizacións son experimentais e é posible que sexan moi diferentes á versión do lanzamento comercial. Con independencia do establecido en sentido contrario no presente contrato, **as previsualizacións fornécense “TAL CAL” e, sen ningún tipo de garantía, nin expresa nin implícita (incluída a garantía limitada), aplícanse a estas versións. Ao instalar as previsualizacións no seu dispositivo, pode que anule a garantía do dispositivo ou esta se vexa afectada, e que non teña dereito a recibir asistencia técnica do fabricante do dispositivo ou operador de rede, se corresponde.** Microsoft non é responsable dos danos que isto puidera causarlle. É posible que Microsoft non forneza servizos de asistencia técnica para as previsualizacións. Se fornece a Microsoft comentarios ou suxestións acerca da previsualización (“envío”), outorga a Microsoft e aos seus asociados o dereito de usar o envío de calquera maneira e con calquera fin.

**14. Contrato completo.** Este contrato (xunto cos termos de licenza impresos ou outros termos incluídos con calquera dos suplementos, actualizacións e servizos de software fornecidos polo fabricante, o instalador ou Microsoft, e que utiliza o usuario), e os termos contidos nas ligazóns web que aparecen neste contrato, constitúen o contrato completo de software e todos os suplementos, actualizacións e servizos (salvo se o fabricante, o instalador ou Microsoft fornecen outros termos cos devanditos suplementos, actualizacións ou servizos). Pode consultar este contrato cando o software se estea a executar se vai á páxina [aka.ms/useterms](https://aka.ms/useterms) ou a Configuración > Sistema > Acerca de no software. Tamén pode consultar os termos en calquera das ligazóns deste contrato escribindo os enderezos URL na barra de enderezos do explorador, e acepta facelo. Vostede acepta que lerá os termos antes de usar o software ou os servizos, incluídos os termos vinculados. Acepta que, ao usar o software e os servizos, ratifica este contrato e os termos vinculados. Tamén hai ligazóns informativas neste contrato. As ligazóns que conteñen termos vinculantes e avisos son as seguintes:

- Declaración de Privacidade de Microsoft ([aka.ms/privacy](https://aka.ms/privacy))
- Contrato de Servizo de Microsoft ([aka.ms/msa](https://aka.ms/msa))

\*\*\*\*\*

## **SEN GARANTÍA**

FORNÉCESE LICENZA PARA O SOFTWARE NO SEU DISPOSITIVO (INCLUÍDAS AS APLICACIÓNS) "TAL CAL". ATÉ O LÍMITE PERMITIDO POLA LEXISLACIÓN VIXENTE, TODA A RESPONSABILIDADE ACERCA DA CALIDADE E O RENDEMENTO DO SOFTWARE É DO USUARIO. NO CASO DE QUE O SOFTWARE RESULTASE DEFECTUOSO, O USUARIO ASUME O CUSTO TOTAL DO MANTEMENTO E A REPARACIÓN. NIN O FABRICANTE DO DISPOSITIVO NIN MICROSOFT OUTORGAN GARANTÍAS EXPRESAS NIN CONDICIÓNS SOBRE OU EN RELACIÓN CO SOFTWARE. NA MEDIDA EN QUE O PERMITA A LEXISLACIÓN NACIONAL, O FABRICANTE E MICROSOFT EXCLUÉN AS GARANTÍAS IMPLÍCITAS E CONDICIÓNS, INCLUÍDAS AS DE COMERCIALIZIDADE, CALIDADE, ADECUACIÓN PARA UN FIN EN PARTICULAR E NON INFRACCIÓN. É POSIBLE QUE A LEXISLACIÓN DO PAÍS DO USUARIO ESTABLEZA DEREITOS ADICIONAIS OU GARANTÍAS LEGAIS DO CONSUMIDOR QUE AS PRESENTES CONDICIÓNS DE USO NON PODEN MODIFICAR.

SE A SÚA LEXISLACIÓN LOCAL IMPÓN UNHA GARANTÍA OU CONDICIÓN, AÍNDA QUE ESTE CONTRATO NON O RECOLLA, A DURACIÓN DA MESMA ESTÁ LIMITADA A 90 DÍAS A PARTIR DO MOMENTO NO QUE O PRIMEIRO USUARIO ADQUIRE O SOFTWARE. SE O FABRICANTE OU MICROSOFT INCUMPREN A GARANTÍA OU CONDICIÓN, O ÚNICO AO QUE TERÁ DEREITO, SEGUNDO A DECISIÓN DO FABRICANTE OU MICROSOFT, É (I) Á REPARACIÓN OU SUBSTITUCIÓN DO SOFTWARE SEN CARGO OU (II) A ACEPTAR A DEVOLUCIÓN DO SOFTWARE (OU O DISPOSITIVO NO QUE SE INSTALOU O SOFTWARE) PARA O REEMBOLSO DO IMPORTE (DE EXISTIR) ABOADO POLO USUARIO. ESTES SON OS ÚNICOS RECURSOS POR INCUMPRIMENTO DUNHA GARANTÍA OU CONDICIÓN QUE A SÚA LEXISLACIÓN LOCAL IMPÓN.

NA MEDIDA QUE O PERMITA A LEXISLACIÓN LOCAL, SE O USUARIO TEN FUNDAMENTOS PARA OBTEN INDEMNIZACIÓN POR DANOS, SÓ PODERÁ RECUPERAR DO FABRICANTE OU MICROSOFT UNHA COMPENSACIÓN ECONÓMICA POR DANOS DIRECTOS EQUIVALENTE COMO MÁXIMO Á CANTIDADE PAGADA POLO SOFTWARE (OU ATÉ UN MÁXIMO DE 50 DÓLARES ESTADOUNIDENSES SE OBTIVO O SOFTWARE DE XEITO GRATUÍTO). NON PODERÁ, E RENUNCIA A CALQUERA DEREITO PARA, TENTAR RECUPERAR NINGÚN OUTRO DANO OU RECURSO, INCLUÍDOS PERDA DE BENEFICIOS E DANOS DIRECTOS, CONSECUENTES, ESPECIAIS, INDIRECTOS OU INCIDENTAIS, EN VIRTUDE DE CALQUERA PARTE DESTE CONTRATO OU DE CALQUERA OUTRA TEORÍA. ESTA LIMITACIÓN APLÍCASE A (I) TODO O RELACIONADO CON ESTE CONTRATO, O SOFTWARE (INCLUÍDAS AS APLICACIÓNS), O DISPOSITIVO, OS SERVIZOS, A CORRUPCIÓN OU PERDA DE DATOS, ERRO AO TRANSMITIR OU RECIBIR DATOS, CONTIDO (INCLUÍDO CÓDIGO) EN SITIOS DA INTERNET DE TERCEIROS OU PROGRAMAS DE TERCEIROS, E (II) CALQUERA RECLAMACIÓN POR INCUMPRIMENTO DE CONTRATO, INCUMPRIMENTO DE GARANTÍA OU CONDICIÓN, RESPONSABILIDADE ESTRITA, NEGLIXENCIA OU CALQUERA OUTRO AGRAVIO;

VIOLACIÓN DO ESTATUTO OU REGULACIÓN; ENRIQUECEMENTO ILÍCITO; OU EN VIRTUDE DE CALQUERA OUTRA TEORÍA.

AS LIMITACIÓNS DE RECURSOS E EXCLUSIÓNS POR DANOS NESTE CONTRATO APLÍCANSE AÍNDA QUE NON TEÑA RECURSOS (FORNÉCESE LICENZA PARA O SOFTWARE "TAL CAL"), SE A REPARACIÓN, A SUBSTITUCIÓN OU O REEMBOLSO (SE O REQUIRE A LEXISLACIÓN LOCAL) NON LLE COMPENSA TOTALMENTE POLAS PERDAS, SE O FABRICANTE OU MICROSOFT COÑECÍA OU DEBERÍA COÑECER A POSIBILIDADE DE QUE SE PRODUCISEN OS DEVANDITOS DANOS, OU SE O RECURSO NON CUMPRE O SEU PROPÓSITO ESENCIAL.

Póñase en contacto co fabricante do dispositivo para determinar se o dispositivo está cuberto por unha garantía.